



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Carme da Silva Méndez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a construción dun muro no Castro de Toiriz (Silleda).

No ano 2010 o Castro de Toiriz (Silleda) foi obxecto dunha intervención para a súa recuperación e posta en valor. Unha obra que foi realizada co esforzo e empeño do Colectivo pola Recuperación dos Castros de Toiriz que impulsou este proxecto e adicou importantes esforzos tanto económicos, como persoais.

Segundo temos constancia, no ámbito de protección deste castro tense realizado a construción dun muro de peche dunha parcela, que representou a destrución parcial do parapeto térreo exterior que forma parte das defensas do Castro de Toiriz, xacemento da Idade de Ferro, magnificamente conservado. Segundo a información que dispón o noso grupo esta obra conta con licenza municipal, mais carece de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Estes feitos foron denunciados e requerimos a través desta iniciativa información sobre as actuacións que ten realizado a Xunta de Galiza ante esta agresión ao noso patrimonio:

1ª) Que actuacións ten desenvolto a Xunta de Galiza ante os feitos que se relatan na parte expositiva desta pregunta?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2ª) Ten incoado a Xunta de Galiza algún tipo de expediente sancionador e de reposición da legalidade ante estes feitos?

Santiago de Compostela, 21 de Xuño de 2012

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Carme da Silva Méndez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/06/2012 17:49:59

María Carme da Silva Méndez na data 21/06/2012 17:50:06